- Martí-Parreño, J., Méndez-Ibáñez, E. & Alonso Arroyo, A. (2016). The use of gamification in education: a bibliometric and text mining analysis. *Journal of Computer Assisted Learning*, 32(6), pp. 663-676. <https://doi.org/10.1111/jcal.12161>
- Piaget, J. (1962). *Play, dreams and imitation in childhood*. Nueva York: W.W. Norton & Co.
- Rodicio-García, M.L., Ríos-de-Deus, M.P., Mosquera-González, M.J., Rego-Agraso, L. & Penado, M. (2021). *Mentoría en la Universidad: Formación de las Figuras Implicadas (MUFFIM). Módulo 1, El Espacio Europeo de Educación Superior como escenario para la mentoría*. <http://hdl.handle.net/2183/27499>

# MENTORÍA EN LA UNIVERSIDAD. FORMACIÓN DE LAS FIGURAS IMPLICADAS

Rodicio-García, María-Luisa<sup>1</sup>; Ríos-de-Deus, María-Paula<sup>2</sup>; Mosquera-González, María-José<sup>3</sup>; Rego-Agraso, Laura<sup>4</sup>

<sup>1</sup>Universidade da Coruña, Facultad de CC. de la Educación, 0000-0002-3944-1044

<sup>2</sup>Universidade da Coruña, Facultad de CC.de la Educación, 0000-0002-7919-2185

<sup>3</sup>Universidade da Coruña, Facultad de CC. de la Actividad Física y del Deporte,  
0000-0002-7667-1033

<sup>4</sup>Universidade da Coruña, Facultad de CC.de la Educación, 0000-0002-1660-4939

## RESUMEN

En este trabajo se presenta una propuesta formativa transversal en formato MOOC (Massive Online Open Courses). El principal objetivo fue diseñar una herramienta de formación en mentoría dirigida, fundamentalmente, a profesorado y alumnado. Para su elaboración se contó con el apoyo técnico del Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), desde donde se puso en marcha la II Convocatoria para la elaboración de MOOC de la Universidade da Coruña 2018/19. El curso “Mentoría en la Universidad. Formación de las Figuras Implicadas (MUFFIM)”, se elaboró desde octubre de 2019 hasta abril de 2021. Está programado para realizar en cuatro semanas y tiene una duración total de 20 horas. Consta de cuatro módulos que desarrollan contenidos relativos a cómo se sitúa la mentoría en el escenario actual de la universidad, su conceptualización y el desarrollo de algunas competencias necesarias para asumir algún rol dentro de un proceso de mentoría. El número de inscritos ha sido de 440 personas, de las cuales la mayoría son docentes (40,2%) y estudiantes universitarios (23,47%), de 19 países, entre los que destacan los Iberoamericanos, Francia, Alemania, Portugal, Rusia y Andorra. Los principales resultados muestran la gran acogida por parte de los/as participantes que consideran importante trabajar estas temáticas en el contexto universitario.

**PALABRAS CLAVE:** Mentoría, MOOC, competencias, profesorado, estudiantes.

## **CITA RECOMENDADA:**

Rodicio García, María Luisa; Ríos de Deus, María Paula; Mosquera González, María José; Rego Agraso, Laura (2021): *Mentoría en la Universidad. Formación de las figuras implicadas*. En García Naya, J.A. (ed.) (2021). *Contextos universitarios transformadores: a nova normalidade académica. Leccións aprendidas e retos de futuro. V Xornadas de Innovación Docente*. Cufie. Universidade da Coruña. A Coruña (pág. 305-313).

DOI capítulo: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498180.305>

DOI libro: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498180>

## **ABSTRACT**

This work presents a transversal training proposal in MOOC (Massive Online Open Courses) format. The main objective was to design a mentoring training tool aimed primarily at teachers and students. For its preparation, it had the technical support of CUIFIE, from where the II Call for the development of MOOCs of the Universidade da Coruña 2018/19 was launched. The course "Mentoring at the University. Formation of the Involved Figures (MUFFIM) ", was developed from October 2019 to April 2021. It is scheduled for 4 weeks and with a total duration of 20 hours. It consists of 4 modules that go from the framework of mentoring in the current university scenario, through the conceptualization and development of competencies for it. The number of registered has been 440 people, of which the majority are teachers (40.2%) and university students (23.47%), from 19 countries, among which all Ibero-Americans, France, Germany, Portugal, Russia and Andorra. The main results point to the great reception by the participants who consider it very important to work on these issues in the university context.

**KEY WORDS:** Mentoring, MOOC, competencies, teachers, students

## 1. INTRODUCCIÓN

El proceso de adaptación de la educación superior a los requisitos del Espacio Europeo de Educación Superior (EEES), ha puesto sobre la mesa la necesidad de centrar el aprendizaje en la figura del estudiante, en sus necesidades y en las competencias que debe desarrollar para ser un buen profesional y ciudadano. Para ello, las Universidades se han dotado de mecanismos que lo posibilitan, a través del diseño e implementación, entre otras acciones, de los Planes de Acción Tutorial (PAT) que se convierten en el eje aglutinador de todas las actuaciones destinadas a la mejora de la experiencia del estudiante en su paso por las instituciones de Enseñanza Superior.

Pero algo que no se tiene en cuenta es que, el profesorado universitario, encargado de esta acción docente de orientación, no cuenta con la formación, tiempo, incentivos y recursos necesarios para llevarla a cabo con plenas garantías, constituyéndose más en una acción de marketing que en un recurso fundamental de las universidades.

Desaprovechar la ocasión para implementar acciones sistemáticas y planificadas con la finalidad de guiar, orientar, acompañar y mejorar la vida de los estudiantes y, por ende, la de toda la comunidad educativa, parece algo poco recomendable en el momento actual donde, más que nunca, se prima la formación integral de los/as jóvenes para que sean capaces de desarrollarse en un mundo cada vez más global y comprometido en línea con los Objetivos de Desarrollo Sostenible (ODS), definidos por Naciones Unidas y desarrollados en la Agenda 2030 (Naciones Unidas, 2020).

## 2. DESCRIPCIÓN DE LA EXPERIENCIA

Esta experiencia comienza en el curso 2018/19, cuando la Universidade da Coruña (UDC) publica la II Convocatoria para la elaboración de MOOC. Esta iniciativa, gestionada por el CUFIE, fue el impulso definitivo de esta propuesta formativa. La revisión de MOOC existentes en plataformas *online*, indicaba que se trataba de un tema poco trabajado y, para el cual no había evidencias, ni a nivel nacional ni internacional. A esta circunstancia se añadía el hecho

de que el Equipo Docente del Curso estaba explorando la posibilidad de poner en marcha la mentoría dentro del Plan de Acción Tutorial de la Universidad.

Aceptada la solicitud se comenzó con el proceso de elaboración asumiendo el reto de diseñar una propuesta formativa transversal, válida para todos los títulos universitarios y para cualquier persona interesada en su crecimiento personal y profesional, tanto dentro como fuera de la universidad.

Para ello, se propusieron los siguientes objetivos específicos:

1. Cubrir las necesidades de formación de las figuras implicadas en un proceso de mentoría.
2. Ofrecer un material formativo innovador, abierto y en línea.
3. Contribuir a la mejora de las competencias personales y transversales de la comunidad universitaria.

La elaboración de esta propuesta formativa ha recorrido diferentes fases que han conllevado acciones que van desde la revisión bibliográfica, el análisis de fuentes documentales, la elaboración del manual teórico en donde se recogen todos los aspectos, tanto teóricos como prácticos, trabajados a lo largo del Curso, la preparación y grabación de los diferentes vídeos en los que se explican los contenidos teóricos, el proceso de edición y montaje de los mismos y, finalmente, la creación del Curso en la plataforma Miríadax, en la que se encuentra alojado (Figura 1).

A continuación, se describen brevemente las tareas realizadas en cada fase.

### 1ª FASE: PARTICIPACIÓN EN LA II CONVOCATORIA PARA LA ELABORACIÓN DE MOOC DE LA UDC

Como ya se ha señalado, el germen de esta propuesta ha estado en nuestra participación en la II Convocatoria para la elaboración de MOOC de la UDC, que fue definitivo para poder llegar al resultado que hoy tenemos: un curso MOOC sobre mentoría en la Universidad.



Con experiencia a la hora de poner en marcha procesos de mentoría en la universidad, pero sin ninguna en cuanto a cómo elaborar un curso masivo en línea, se comenzó un camino no exento de dificultades, pero muy enriquecedor para cualquier docente.




Figura 1. Fases de la elaboración de la propuesta

## 2ª FASE. ELABORACIÓN DEL MATERIAL TEÓRICO

Definidos los grandes bloques de contenidos que se pretendían abordar, llegaba el momento de desarrollarlos para disponer de un material teórico de base (Rodicio-García, Ríos-de-Deus, Mosquera-González, Rego-Agraso y Penado, 2021). Este material se conformó en algo más que un documento recopilatorio de todos los contenidos trabajados en el curso, constituyendo una guía didáctica que posibilita en todo momento, saber dónde se está y hacia dónde se va, definiendo el proceso a seguir, la metodología a emplear y las actividades concretas a realizar. La idea final es introducir al/a la receptor/a del curso en la mentoría y en las competencias necesarias para llevarla a cabo, dándole oportunidades para desarrollarlas. En este último aspecto, se optó por utilizar vídeos de películas y series de éxito, a lo largo de la historia, que posibilitaran ver con ejemplos concretos, cada una de las competencias trabajadas.

Algo importante en esta fase, fue el diseño gráfico del curso. Las siglas derivadas de su título MUFFIM permitieron jugar con una analogía que definiría el proceso: la magdalena (Figura 2). Siendo esta, se podría decir, “la mascota” del curso, solo quedaba buscar fondos de lugares que simularan un espacio de cocina o laboratorio gastronómico sobre los que proyectar las lecciones del Equipo Docente.




Figura 2. Diseño de “la mascota” del Curso

### 3ª FASE. GRABACIÓN DE VÍDEOS CON EL EQUIPO TÉCNICO DEL CUFIE

La grabación de los vídeos supuso un gran aprendizaje. La falta de experiencia hizo que no siempre se entendiera la dinámica de lo que había que preparar para ser emitido, más allá de todo el texto que habíamos elaborado en la fase anterior. El esfuerzo de concreción y síntesis marcaron esta fase. La elaboración de textos que no superaran los cinco minutos de grabación, de todos los apartados de cada módulo, supuso una ardua tarea que culminó con diferentes textos preparados para el *teleprompter* en los que se destacan los términos que se iban a presentar en pantalla, además de proponer formas de presentación con recursos didácticos motivadores y que reforzaran el aprendizaje.

### 4ª FASE. EDICIÓN Y MONTAJE (CUFIE)

En esta fase la implicación mayor ha correspondido al CUFIE. El Equipo Docente de curso se encargó de la selección de las imágenes, definir el formato de algunos apartados y de la revisión de los vídeos una vez editados.

## 5ª FASE. CREACIÓN DEL CURSO EN LA PLATAFORMA MIRÍADAX

Finalizado el montaje, tanto del documento teórico como de los vídeos, se procedió a crearlo en la plataforma Miríadax. Se generó el Curso con los módulos, el acceso a los vídeos y los documentos teóricos, los foros con sus diferentes hilos y, finalmente, las pruebas de evaluación, al término de cada uno de los módulos. Esta tarea ha sido realizada con bastante celeridad debido a que la plataforma Miríadax funciona de manera similar al Campus Virtual de la UDC.

### 3. RESULTADOS

El principal resultado de esta experiencia es el Curso en sí mismo, que adquirió el formato que se muestra en la Figura 3.



Figura 3. Estructura del Curso MOOC en la plataforma Miríadax

Otros resultados tienen que ver con la acogida que el curso ha tenido y que se comenta a continuación. El perfil de las personas que lo han cursado es fundamentalmente profesorado universitario (40,82%), personas que han finalizado los estudios (31,63%), estudiantes universitarios (23,47%), estudiantes preuniversitarios (3,06%) y personal de administración y servicios de la Universidad (1,02%). Son hombres el 43,69% y mujeres el 56,31%. En cuanto a la edad, el 31,18% está entre los 35-44 años, el 22,58% entre los 25-34, el 16,13% entre los 45-54; y el 15,05% entre 55-64 y el mismo porcentaje entre los 18-24 años. En cuanto a la nacionalidad de los participantes (Figura 5), son españoles el 33,83% y el resto se distribuyen fundamentalmente entre los diferentes países latinoamericanos sobre todo México (13,13%), Perú (11,61%), Ecuador (8,08%) y Argentina (6,06%). También hay personas procedentes de Francia, Alemania, Portugal, Rusia y Andorra.

Las impresiones que ha suscitado el Curso se recogen en comentarios como: *“Pienso que sería interesante fomentar más formaciones de este tipo”*, *“Considero que desde la Universidad deben potenciar la formación en este ámbito”* o que *“La UDC debe fomentar este tipo de formación porque mejoraríamos nuestras competencias hacia nuestra futura práctica profesional”*.

#### **4. CONCLUSIONES**

Las principales conclusiones son las siguientes:

- Gran acogida del MOOC tanto dentro de la Universidad como fuera de ella, en contextos nacionales e internacionales.
- Ha permitido establecer sinergias con otros servicios de la UDC: CUFIE y Oficina para la igualdad de género, entre otras.
- Los objetivos se han conseguido al contar con una herramienta de formación en mentoría en la UDC, masiva, abierta y en línea; que forma en competencias personales, necesarias en cualquier proceso de mentoría, y tanto a profesorado como alumnado.

- Sería interesante de cara a otras ediciones del curso, ofertarlo en una época de menor carga lectiva para el estudiantado.
- Se ve la conveniencia de apoyar esta iniciativa formativa con cursos presenciales-virtuales organizados desde el CUFIE.

## 5. REFERENCIAS

Naciones Unidas (2020). Informe de los Objetivos de Desarrollo Sostenible 2020. [https://unstats.un.org/sdgs/report/2020/The-Sustainable-Development-Goals-Report-2020\\_Spanish.pdf](https://unstats.un.org/sdgs/report/2020/The-Sustainable-Development-Goals-Report-2020_Spanish.pdf)

Rodicio-García, M. L., Ríos-de-Deus, M. P., Mosquera-González, M.J., Rego-Agraso, L. y Penado, M. (2021). *Mentoría en la Universidad: Formación de las Figuras Implicadas (MUFFIM)*. <http://hdl.handle.net/2183/27499>



# OS SEMINARIOS PAT DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA NA NOVA NORMALIDADE ACADÉMICA

Rodríguez-Gulías, María Jesús<sup>1</sup>

*<sup>1</sup> Universidade da Coruña ,  
Facultade de Economía e Empresa,  
ORCID 0000-0001-8390-474X*

## RESUMO

O Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Economía e Empresa (FEE) da Universidade da Coruña (UDC) tivo que enfrontarse no curso 2020-2021, como o resto da Universidade, á Nova Normalidade Académica (NNA) derivada da crise sanitaria provocada polo virus SARS-CoV-2 que deu lugar á enfermidade COVID-19. Un dos aspectos nos que o PAT da FEE debeu adaptarse á NNA foi no relativo ao seu Plan de Formación coordinado dende o Servizo de Formación do PAT e no que se encadran os Seminarios PAT da FEE, cursos breves de formación complementaria, transversal, opcional e gratuíta. Coa intención de manter en funcionamento o Servizo de Formación do PAT e continuar ofertando os Seminarios PAT da FEE, decidiuse facer un movemento cara a un sistema de seminarios PAT virtuais e síncronos a través da plataforma MS TEAMS, así como a unha coordinación e xestión dos mesmos tamén maioritariamente telemática. Os resultados deste necesario cambio de sistema foron positivos e, non so se mantiveron os seminarios que tradicionalmente se viñan impartindo, se non que incluso se incrementou a oferta dos mesmos, logrando cifras de asistencia notables.

**PALABRAS CLAVE:** Plan de Acción Titorial, seminarios, formación en liña, Nova Normalidade Académica.

## **CITA RECOMENDADA:**

Rodríguez Gulías, María Jesús (2021): Os Seminarios PAT da Facultade de Economía e Empresa na Nova Normalidade Académica. En García Naya, J.A. (ed.) (2021). *Contextos universitarios transformadores: a nova normalidade académica. Leccións aprendidas e retos de futuro. V Xornadas de Innovación Docente*. Cufie. Universidade da Coruña. A Coruña (pág. 315-323).

DOI capítulo: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498180.315>

DOI libro: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498180>

## **ABSTRACT**

The Tutorial Action Plan (PAT) of the *Facultade de Economía e Empresa* (FEE) of the *Universidade da Coruña* (UDC) had to face in the academic year 2020-2021, like the rest of the University, with the New Academic Normal (NAN) arising from the health crisis caused by the SARS-CoV-2 virus that gave rise to COVID-19 disease. One of the aspects in which the FEE PAT had to adapt to the NAN was in relation to its Coordinating Training Plan from the PAT Training Service and in which the FEE PAT Seminars are framed, short courses of complementary, transversal, optional and free training. With the aim of keeping the PAT Training Service running and continuing to offer the FEE PAT Seminars, it was decided to make a move towards a system of virtual and synchronous PAT seminars through the MS TEAMS platform, as well as a mostly telematic coordination and management. The results of this necessary change of system have been positive and, not only have the Seminars traditionally taught been maintained, but also the offer has been increased, achieving remarkable attendance figures.

**KEY WORDS:** Tutorial Action Plan, seminars, online formation, new academic normal.

## **AGRADECEMENTO**

O cambio de sistema a un modelo virtual dos Seminarios PAT da FEE non sería posible sen a colaboración e boa disposición de tódolos/as colaboradores/as de formación do PAT. Grazas.



## 1. INTRODUCCIÓN

A Facultade de Economía e Empresa (FEE) da Universidade da Coruña (UDC) ten como finalidade a formación superior e a investigación nas áreas de Economía e Empresa. Tanto a nivel de estudos de grao como de mestrado, a FEE conta cunha ampla oferta de titulacións. En concreto, para o curso 2020-21, as titulacións ofertadas foron as mostradas na Figura 1.

Grao	Programas Simultaneidade	Grao Aberto	Mestrados oficiais
<ul style="list-style-type: none"> <li>◦ Economía<sup>1</sup></li> <li>◦ Administración e Dirección de Empresas<sup>1</sup></li> <li>◦ Ciencias Empresariais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◦ Administración e Dirección de Empresas e Dereito</li> <li>◦ Ciencias Empresariais e Turismo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◦ Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◦ Banca e Finanzas</li> <li>◦ Contabilidade Superior e Auditoría de Contas</li> <li>◦ Dirección e Administración de Empresas</li> <li>◦ Economía</li> </ul>

Notas: <sup>1</sup> Titulación que conta con un grupo bilingüe inglés.

Figura 1. Titulacións ofertadas na FEE. Curso 2020-21. Fonte: Universidade da Coruña (2020)

Dita extensa oferta de titulacións implica un número elevado tanto de alumnado coma de profesorado. Os datos de alumnado e profesorado para o curso 2020-21 recóllense na Figura 2.

Prazas de novo ingreso ofertadas: 500	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 395 en estudos de grao</li> <li>▪ 105 en mestrados</li> </ul>
Estudantes matriculados/as: 1.965	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1.822 en estudos de grao</li> <li>▪ 143 en mestrados</li> </ul>
Docentes nos departamentos adscritos: 162	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 79 Departamento de Economía</li> <li>▪ 83 Departamento de Empresa</li> </ul>

Figura 2. Cifras de alumnado e profesorado na FEE. Curso 2020-21. Fonte: Universidade da Coruña (2020)

A FEE participa dende máis de hai dez anos no Plan de Acción Titorial (PAT) da UDC coordinado pola Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente. A meta principal do PAT é que o alumnado se sinta acollido na universidade dende o día no que inicia os seus estudos e que poida facer uso dos diferentes servizos e posibilidades que a UDC ofrece.

Un dos principais obxectivos recollidos no Proxecto de PAT da FEE (Universidade da Coruña, 2020) é:

*“Ofertar formación complementaria, transversal, opcional e gratuíta a través do Servizo de Formación e Recursos do PAT (SFR-PAT). A oferta realizada dende SFR.FEE tenta dar resposta ás necesidades do alumnado naquelas aptitudes, materias e ferramentas de carácter transversal útiles para o desenvolvemento da profesión, complementando a oferta formativa oficial dos Graos impartidos na propia Facultade.”*

Trátase dos coñecidos coma Seminarios PAT da FEE, que se veñen realizando dende os comezos do PAT no centro. Neste sentido, o recurso fundamental son os/as Colaboradores/as do Servizo de Formación do PAT. Maioritariamente trátase de profesorado e outro persoal do centro, aínda que tamén participan algúns outros colaboradores/as externos ao centro e incluso á universidade. Todos/as eles/as participan de xeito voluntario ofrecendo cursos e material formativo.

No curso 2020-2021, a situación derivada da crise sanitaria provocada pola COVID fixo preciso repensar o sistema de Seminarios PAT que tan ben viña funcionando nos cursos previos. Por unha banda, as limitacións en canto a aforo fixeron que os espazos dispoñibles no centro se visen reducidos. Por outra banda, tampouco parecía convinte ou prudente mesturar, nos Seminarios PAT, a alumnado de diferentes titulacións e cursos que, doutro xeito, non terían motivo para entrar en contacto. Por iso, se decidiu apostar por un sistema de Seminarios PAT virtuais e síncronos a través da plataforma TEAMS de Microsoft.

O obxectivo que se pretendeu lograr con este cambio de sistema foi manter en funcionamento o Servizo de Formación do PAT adaptando o Plan de Formación do PAT da FEE para o curso 2020-2021 á Nova Normalidade Académica (NNA).

Despois desta introdución, recollese a descrición da experiencia no segundo epígrafe, seguida dos principais resultados da mesma no terceiro epígrafe. Finalmente, extráense unha serie de conclusións a partir da experiencia desenvolvida e os seus resultados no epígrafe cuarto.

## 2. DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA

A novidade principal deste curso académico é, non so o paso de tódolos seminarios ao formato virtual, se non a realización da coordinación e xestión dos mesmos de xeito maioritariamente telemático.

As actividades organizativas desenvolvidas polo Servizo de Formación do PAT no curso 2020-2021 veñen recollidas na Táboa 1 e detalladas posteriormente.

ACTIVIDADE	DATAS
<b>1º CUADRIMESTRE</b>	
<b>Deseño de actividades de formación</b>	De setembro a outubro 2020
<b>Captación de formadores</b>	De setembro a outubro 2020
<b>Publicación e difusión</b>	Outubro 2020
<b>Xestión de inscricións</b>	De outubro a decembro 2020
<b>Desenvolvemento de actividades de formación</b>	De outubro a decembro 2020
<b>Emisión de certificados de impartición</b>	Xaneiro 2021
<b>Emisión de certificados de asistencia</b>	Xaneiro 2021
<b>2º CUADRIMESTRE</b>	
<b>Deseño de actividades de formación</b>	De xaneiro a febreiro 2021
<b>Captación de formadores</b>	De xaneiro a febreiro 2021
<b>Publicación e difusión</b>	Febreiro 2021
<b>Xestión de inscricións</b>	De febreiro a xuño 2021
<b>Desenvolvemento de actividades de formación</b>	De febreiro a xuño 2021
<b>Emisión de certificados de impartición</b>	Xullo 2021
<b>Emisión de certificados de asistencia</b>	Xullo 2021

Táboa 1. Cronograma actividades de formación do PAT da FEE. Curso 2020-21.

Fonte: Adaptado de Universidade da Coruña (2020)

Ao inicio de cada un dos cuadrimestres, en outubro do 2020 e en febreiro do 2021 (Táboa 1), deséñanse os seminarios PAT que se van a impartir nos mesmos e cáptanse os/as formadores/as que se encargaran de impartilos. Boa parte dos seminarios veñen impartíndose dende fai anos e outros son novas incorporacións que se van engadindo, en ocasións por necesidades que xorden do alumnado e en outras ocasións a proposta do profesorado ou da coordinación do PAT. Os contactos co profesorado realizáronse practicamente na súa totalidade de xeito non presencial, empregando as ferramentas de correo electrónico e videochamadas de MS TEAMS.

O groso da publicación e difusión dos Seminarios PAT da FEE realizouse, unha vez definidos estes, en outubro do 2020 e en febreiro do 2021, para o primeiro e o segundo cuadrimestre respectivamente (Táboa 1). O listado de seminarios PAT publicouse en ditas datas na sección do PAT e na sección de novas da web da FEE. Nel incluíase o título do seminario, o nome do/a docente encargado de impartilo, as datas e horarios de celebración, a duración, así como o prazo e o enlace para a inscrición. No momento da publicación dos listados na web do centro, enviouse tamén un correo electrónico a listaxe de distribución do alumnado da Facultade informado da publicación dos mesmos e proxectouse a información nas pantallas da entrada da Facultade. Tamén se deu difusión na conta de Instagram do PAT. A única acción, poderíase dicir que, física foi que se colgaron carteis en papel nos taboleiros informativos do centro.

Adicionalmente, continuouse coa difusión ao longo dos cuadrimestres, toda ela virtual, enviando correos electrónicos recordatorios conforme se aproximaban as datas de finalización dos prazos de inscrición para cada un dos seminarios, información que tamén se compartiu no Instagram.

A xestión das inscricións aos diferentes seminarios realizouse de xeito totalmente telemático mediante a aplicación FORMS de Microsoft. O alumnado, coas súas claves de acceso da Universidade, pode acceder e cumprimentar os formularios de inscrición. Recóllense datos persoais que van a permitir emitir os correspondentes certificados de asistencia e outra información de interese como a titulación que cursa a persoa que se inscribe e o seu curso.

A partir das listaxes de inscrites/as créanse, dende a coordinación do PAT, os eventos formativos na plataforma TEAMS de Microsoft. O alumnado inscrito e o profesorado da sesión reciben por correo electrónico a invitación á sesión formativa. Na invitación á sesión danse as indicacións oportunas para acceder á mesma. En paralelo, dáse permisos aos docentes para que poidan presentar e compartir pantalla e infórmaselles do número de persoas inscrites e o perfil das mesmas.

No momento da realización do seminario a coordinadora PAT adoita presentar aos poñentes e moderar á sesión, resolvendo as incidencias que poden xurdir (problemas de acceso, dificultades para presentar, etc.). Finalizada a mesma, descarga o listado de asistentes.

Rematados os seminarios PAT de cada cuadrimestre emítense os certificados de asistencia para o alumnado e os correspondentes fai constar para o profesorado que impartiu os mesmos. Todos estes documentos se entregan por correo electrónico asinados dixitalmente mediante a plataforma Portafirmas da UDC en formato electrónico PDF.

### **3. RESULTADOS**

En canto aos resultados da experiencia do paso a virtual da totalidade dos Seminarios do Plan de Formación do PAT da FEE, a Táboa 2 recolle os seminarios impartidos, así coma o número de alumnos/as que asistiron a cada un deles.

TÍTULO DO SEMINARIO	N.º
<b>1º CUADRIMESTRE</b>	
INTRODUCCIÓN ÁS FERRAMENTAS DE TELEFORMACIÓN DA UDC <sup>a</sup>	8
IGUALDADE DE XÉNERO NA UDC <sup>a</sup>	9
ESTUDAR MASTERS E DOUTORAMENTO NO ESTRANXEIRO	31
INTRODUCCIÓN AO EXCEL PARA ESTATÍSTICA	38
PRESENTACIÓN DO TFG <sup>a</sup>	33
PREPARACIÓN DO TFG (1º edición)	161 <sup>b</sup>
PREPARACIÓN DO TFG (2º edición)	67 <sup>b</sup>
<b>2º CUADRIMESTRE</b>	
INTRODUCCIÓN Á ANÁLISE DE DATOS CON R	15
COMO FACER UN CURRÍCULUM	50
INTRODUCCIÓN AO EXCEL PARA FINANZAS	47
EN BUSCA DA MARXE PERDIDA <sup>a</sup>	37
PREPARACIÓN DO TFG (3º ed.)	74 <sup>b</sup>
GREEN FEE + ELECTROCICLAXE <sup>a</sup>	10
LINKEDIN E REDES PROFESIONAIS <sup>a</sup>	17
PREPARACIÓN EFICIENTE DUNHA ENTREVISTA DE TRABALLO <sup>a</sup>	30
MAQUETACIÓN EN MS WORD DO TFG <sup>a</sup>	39
CINE-DEBATE: A VERDADEIRA HISTORIA DO MAGO DE OZ	3
REXENERA: META ZERO WASTE, SOSTIBILIDADE E ALIMENTACIÓN KMO <sup>a</sup>	16
MÉTODO GTD, TRACKEAR O TEMPO, XESTIONAR TAREFAS E MÁIS <sup>a</sup>	14
SEMINARIO DE COMUNICACIÓN (Pitch + Pecha Kucha) <sup>a</sup>	5
ELABORACIÓN DE INFORMES CON DATOS E ELEMENTOS GRÁFICOS EN LIBREOFFICE	7
COMO ASINAR DOCUMENTOS NA ERA DIXITAL: O CERTIFICADO DIXITAL E O DNle <sup>a</sup>	12
EXPERIENCIA NUN ENTORNO DE PROGRAMACIÓN (R) DUN GRADUADO EN ECONOMÍA DA FEE <sup>a</sup>	12
PRESENTACIÓN ORAL DO TFG (2ª ed.) <sup>a</sup>	28
PRESENTACIÓN ORAL DO TFG (3ª ed.) <sup>a</sup>	10

Notas: <sup>a</sup> Seminario impartido por primeira vez no curso 2020-2021 <sup>b</sup> Número de inscritos/as.

Táboa 2. Seminarios impartidos e número de asistentes. Curso 2020-21. Fonte: Elaboración propia a partir de rexistros de asistencia de TEAMS

Como é posible observar na Táboa 2, en suma ofertáronse un total de 25 Seminarios PAT no curso 2020-2021, impartíndose 7 deles no primeiro cuadrimestre e 18 deles no segundo cuadrimestre, respectivamente. Deles 15 son seminarios impartidos por primeira vez no curso 2020-2021.

En total, houbo entorno a 773 asistentes aos seminarios ofertados polo PAT da FEE<sup>20</sup> (Táboa 2).

<sup>20</sup> Nótese que algunhas persoas asistiron a varios Seminarios PAT e polo tanto é preciso tomar este dato con cautela.

#### **4. CONCLUSIÓNS**

A NNA resultado da crise sanitaria provocada pola COVID afectou non só as titulacións oficiais de Grao e de Mestrado impartidas na UDC, se non que tivo tamén os seus efectos noutras actividades docentes da Universidade. En particular, neste traballo, tratouse a problemática dos Seminarios PAT da FEE e a súa adaptación á NNA.

Como se comentou previamente, co obxectivo de manter en funcionamento o Servizo de Formación do PAT na situación de NNA coa que se presentaba o curso 2020-2021, dende o PAT da FEE fíxose unha importante aposta por un sistema de seminarios PAT virtuais e síncronos a través da plataforma MS TEAMS.

Vistos os resultados, consideramos que o traslado ao formato virtual dos Seminarios PAT da FEE e da súa xestión acadou os obxectivos propostos e incluso os superou ao ofertar un número de seminarios máis amplo que en cursos previos.

No camiño foi preciso afrontar diversas dificultades, principalmente técnicas, pero o proceso permitiu desenvolver un sistema de traballo que día a día vai sendo máis eficiente.

Nos próximos cursos académicos sería desexable poder aproveitar todo o coñecemento xerado neste curso de NNA e ofrecer unha combinación de seminarios en modalidade presencial, virtual e híbrida.

#### **5. REFERENCIAS**

Universidade da Coruña (2020). Plan de Acción Titorial da Facultade de Economía e Empresa.

[https://www.udc.es/export/sites/udc/cufie/\\_galeria\\_down/PAT/2020\\_21/F.-Economia-e-Empresa\\_Proxecto\\_2020\\_2021.pdf\\_2063069294.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/cufie/_galeria_down/PAT/2020_21/F.-Economia-e-Empresa_Proxecto_2020_2021.pdf_2063069294.pdf)





# A MOTIVACIÓN DO ALUMNADO E O VALOR ATRIBUÍDO AOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Rodríguez-Llorente, Carolina<sup>1</sup>; Piñeiro Aguín, Isabel<sup>2</sup>;  
González-Suárez, Rocío<sup>3</sup>; Martins Ginorelli, Ludmila<sup>4</sup>

<sup>1</sup> *Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Educación,*  
<https://orcid.org/0000-0002-2894-5271>

<sup>2</sup> *Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Educación,*  
<https://orcid.org/0000-0002-1845-2238>

<sup>3</sup> *Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Educación,*  
<https://orcid.org/0000-0002-7065-1015>

<sup>4</sup> *Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Educación,*  
<https://orcid.org/0000-0002-9527-4295>

## RESUMO

A situación derivada da pandemia provocada pola COVID-19 transformou substancialmente as metodoloxías de ensino-aprendizaxe. Unha mudanza moi evidente deuse nos instrumentos de avaliación ao teren que se adaptar ás modalidades de ensino online e semipresencial. O grupo de innovación GIPED-INNOVA deseñou unha investigación có obxectivo de coñecer os instrumentos de avaliación que se empregaron durante o curso académico, o valor que lle dan os estudantes e como este varía en función da motivación académica destes. No estudo participaron 178 estudantes das materias que imparten os docentes de GIPED-INNOVA. Para a recollida da información, elaborouse un cuestionario online *ad hoc* no que se incluíron os distintos instrumentos que se poden empregar para avaliar o rendemento do alumnado na Universidade da Coruña. Por outra banda, para coñecer a motivación dos estudantes utilizouse o Cuestionario de Metas Académicas. Segundo os resultados, os participantes consideran que os docentes de GIPED-INNOVA empregan en maior medida instrumentos de avaliación relativos ás prácticas de aula. Ademais, os estudantes que adoptan metas de aprendizaxe valoran

especialmente estas ferramentas xunto a asistencia a clase. Non obstante, nin os estudantes con metas de rendemento nin aqueles con metas de aprendizaxe valoran os instrumento tipo proba.

**PALABRAS CLAVE:** motivación académica, instrumentos de avaliación, universidade, psicoloxía educativa.

### **CITA RECOMENDADA:**

Rodríguez Llorente, Carolina; Piñeiro Aguín, Isabel; González Suárez, Rocío; Martins Ginorelli, Ludmila (2021): A motivación do alumnado e o valor atribuído aos instrumentos de avaliación. En García Naya, J.A. (ed.) (2021). *Contextos universitarios transformadores: a nova normalidade académica. Leccións aprendidas e retos de futuro. V Xornadas de Innovación Docente*. Cufie. Universidade da Coruña. A Coruña (pág. 325-337).

DOI capítulo: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498180.325>

DOI libro: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498180>

### **ABSTRACT**

The COVID-19 pandemic has significantly altered the teaching-learning methodologies. The evaluation instruments used to measure students' performance constituted one of the most noticeable changes on this new online teaching context. The group of teaching innovation GIPED-INNOVA designed a research that aims to shed light on the evaluation instruments used during the current academic year, the value with which the students regarded them and how it varies regarding student's academic motivation. A hundred and seventy-eight students participated in the study. All of them attended the GIPED-INNOVA professors' classes. An online questionnaire, which included the different evaluation instruments that can be used to measure students' performance at the University of A Coruña, was designed *ad hoc*. On the other hand, the Goal Orientation Scale was used to obtain information regarding students' academic motivation. According to the results, participants requested that the GIPED-INNOVA's professors mainly used tasks and class exercises as evaluation instruments. Moreover, those who adopt a mastery goal orientation valued both these instruments and class attendance the most. However, neither the students that held mastery goals nor those who adopted performance goals valued exams.

**KEY WORDS:** academic motivation, academic assessment tools, university, educational psychology.

## **1. INTRODUCCIÓN**

As metodoloxías de ensino-aprendizaxe de corte innovador están cada vez máis presentes nas guías docentes dos títulos de grao e mestrado das universidades, seguindo as indicacións do Plan Bolonia (Fernández e Ezkurra, 2020). Concretamente, a aplicación destas innovacións na docencia ten que estar dirixida a facilitar, apoiar e/ou mellorar a aprendizaxe. Agora ben, durante os dous últimos cursos, marcados pola pandemia da COVID-19, semella que a innovación educativa perdeu forza debido ao contexto de ensino virtual e ao posterior modelo de educación semipresencial. Ao mesmo tempo, esta situación pode ter provocado unha diminución significativa da motivación do alumnado (Gil et al., 2020). Polo tanto, resulta relevante concretar que recursos están a empregar os docentes nos procesos de ensino-aprendizaxe e en que medida os estudantes universitarios considéranos valiosos.

Para dar resposta a estas cuestións, a principios do ano académico constituíuse o Grupo de Innovación Educativa GIPED-INNOVA, cuxo propósito fundamental consiste en promover o coñecemento acerca da calidade das metodoloxías docentes utilizadas no contexto da Universidade da Coruña (UDC) e a percepción que ten delas o alumnado, desde a perspectiva da Psicoloxía Educativa. Deste xeito, deseñouse un proxecto de investigación para que o profesorado da UDC poda coñecer a percepción que teñen os estudantes sobre as metodoloxías que empregan nas súas materias.

Un dos principais cambios na docencia durante a pandemia e na nova normalidade déronse nos métodos de avaliación, por exemplo, aumentando a presenza de instrumentos como os traballos do alumnado e as probas online (García-Peñalvo et al., 2020). Como o emprego de certos recursos de avaliación estaría estreitamente relacionado coa motivación dos estudantes (Campos-Mesa et al., 2019), un dos obxectivos do proxecto de investigación do GIPED-INNOVA é coñecer como está a ser avaliado o seu alumnado e se os recursos que empregan son valiosos para estes. Tamén pretende analizar se hai diferenzas no valor có que os estudantes perciben eses instrumentos segundo a súa motivación.

## **2. MARCO TEÓRICO**

O Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) introduzo numerosas novidades na docencia universitaria, pasando a ser o estudante o protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe (Álvarez, 2005). Este feito, así como a aparición de conceptos como o de competencia, requiriu da adaptación dos métodos de avaliación á nova realidade educativa nas universidades.

A avaliación constitúe unha das partes fundamentais para coñecer a eficacia dos procesos de ensino-aprendizaxe en calquera dos niveis educativos. Deste xeito, Contreras (2004), define a avaliación como un proceso no que se obtén información sobre o dominio que o alumnado ten do aprendido (p. ex., conceptos, habilidades), se emiten xuízos de valor (p. ex., sobresáinte, axeitado, insuficiente) e se toman decisións (p. ex., promocionar ou non promocionar).

Neste proceso de avaliación poden empregarse unha ampla variedade de recursos ou instrumentos que teñen por finalidade recoller información relativa aos aprendizaxes do alumnado (Álvarez, 2005). Concretamente, na elaboración das guías docentes das materias dos diferentes títulos ofrecidos pola UDC, os docentes poden elixir entre 11 instrumentos de avaliación: documentos onde se recollen actividades e reflexións (portafolios); distintos tipos de probas (oral, escrita en formato test ou escrita con cuestións de desenvolver); exposición individual ou grupal; tarefas ou prácticas de aula; resolución de casos, supostos ou situacións; traballos ou proxectos; participación nas actividades de aula; puntualidade coas entregas das tarefas establecidas; e asistencia ás sesións de aula.

Esta diversidade de ferramentas para avaliar o rendemento dos estudantes contrasta coas empregadas noutras etapas educativas, nas que aínda predominan as probas escritas. Non hai dúbida de que os exames ofrecen información sobre a adquisición das aprendizaxes, mais poden provocar altos niveis de ansiedade no alumnado (Domínguez-Laro et al., 2017) e ata levalos a recorrer a prácticas deshonestas (Sureda-Negre et al., 2009). Isto resulta de especial relevancia pola situación na que se atopa o sistema universitario á hora de avaliar utilizando esta técnica, que en moitos casos adaptáronse a un formato online. Lonxe de obter

información de calidade sobre a adquisición de coñecementos destrezas e actitudes, as probas electrónicas non deron as mesmas oportunidades a todo o alumnado (García-Peñalvo et al., 2020). Por iso, estase a favorecer a combinación de diferentes recursos para medir o nivel de logro dos mesmos obxectivos.

A avaliación é tamén relevante porque está vinculada á motivación do alumnado. Por exemplo, segundo o recurso ou recursos de avaliación empregados, os estudantes poderían percibilos ben como unha oportunidade para aprender, ben como unha simple cualificación (Álvarez, 2005). Unha das variables máis utilizadas para medir a motivación dos estudantes no contexto académico é a orientación a metas. Descrita como o conxunto de razóns dos estudantes para implicarse na súa aprendizaxe, o alumnado podería adoptar unha orientación a metas de aprendizaxe, é dicir, para mellorar as súas capacidades, ou a metas de rendemento, isto é, para demostrar a súa capacidade de conseguir boas notas en relación aos compañeiros (Elliot e Dweck, 1988). Seguindo todas estas ideas e tendo en conta que o alumnado ten un papel activo nos seus procesos de aprendizaxe, parece interesante coñecer cales son os recursos de avaliación que os estudantes consideran valiosos segundo os seus motivos para implicarse cos mesmos.

Polo tanto, os obxectivos deste estudo son (a) examinar a frecuencia de uso dos diferentes instrumentos de avaliación utilizados polo grupo de docente de GIPED-INNOVA nas distintas materias que imparten e (b) analizar se o valor que os alumnos e alumnas lle atribúen aos instrumentos de avaliación é diferente segundo a súa orientación a metas. As hipóteses de partida suxiren que aqueles estudantes que adopten metas de aprendizaxe valorarán máis aquelas tarefas relacionadas cos traballos de clase e proxectos. Por outro lado, espérase que os estudantes con metas de rendemento perciban as probas individuais como un instrumento de avaliación máis valioso.

### 3. METODOLOXÍA

#### 3.1. PARTICIPANTES

No estudo participaron 178 estudantes (85.95% mulleres) dos sete membros con docencia de GIPED-INNOVA. Os participantes, de idades comprendidas entre os 18 e os 45 anos ( $M_{idade} = 21.94$ ;  $SD = 4.01$ ), estaban a estudar algunha das 11 materias nas que teñen docencia os profesores do grupo de innovación, as cales están repartidas en cinco títulos de grao e dous de mestrado da Facultade de Ciencias da Educación. Por curso, no momento da recollida da información o 21.8% dos participantes cursaban o primeiro ano de grao, o 12.9% o segundo ano, o 38.2% o terceiro ano, o 1.1% o cuarto ano e o 19.7% eran alumnos e alumnas de mestrado.

#### 3.2. INSTRUMENTOS

Nesta investigación deseñouse un cuestionario online en Microsoft Forms composto por diferentes escalas para recoller a información relativa á motivación académica do alumnado, a frecuencia coa que os estudantes perciben que os seus docentes empregan os distintos instrumentos de avaliación nas súas materias e o valor que estes lles asignan.

En primeiro lugar, preguntouse ao alumnado polo nome do docente e a materia en base aos cales ían contestar ás seguintes cuestións. Tamén se lles pediu que indicaran a titulación e o curso no que estaban a estudar.

En segundo lugar, para obter información sobre a motivación do alumnado cos seus estudos empregouse o *Cuestionario de Metas Académicas* (CMA) (Skaalvik, 1997). Con este cuestionario avalíase a orientación a metas de aprendizaxe (ou aproximación á tarefa) e metas de aproximación ao rendemento. Trátase dunha escala tipo Likert con cinco opcións de resposta por cada afirmación (onde 1 = nunca e 5 = sempre) formada por 10 preguntas que permiten diferenciar entre aqueles estudantes que adoptan metas de aprendizaxe (5 ítems;  $\alpha = .84$ ) (ítems exemplo: “É importante para min aprender cosas novas en clase”; ou “O que

*aprendo nas clases desta materia faime querer aprender máis*”) e metas de rendemento (5 ítems;  $\alpha = .73$ ) (ítems exemplo: “*Intento conseguir notas máis altas que outros estudantes nesta materia*”; ou “*Nesta materia, intento facelo mellor que outros estudantes*”).

Por último, para coñecer o uso que fan os docentes de GIPED-INNOVA dos diferentes instrumentos de avaliación e o valor co que os estudantes perciben cada un deles, deseñouse un cuestionario creado *ad hoc* con dúas subescalas tipo Likert, ambas formadas por unha serie de preguntas relativas a cada unha das ferramentas de avaliación que poden utilizarse no deseño das guías docentes da UDC. No caso da frecuencia de uso dos instrumentos de avaliación polo profesorado de GIPED-INNOVA, as opcións de resposta foron desde 1 ou até 5 ou moitas veces (ítems exemplo: “Proba oral”, “Traballos ou proxectos” ou “Proba escrita en formato test”), mentres que para indicar o seu valor os estudantes podían responder desde 1 ou nada até 5 ou moito.

### 3.3. PROCEDEMENTO

O proxecto de investigación deseñouse tendo presentes os principios éticos establecidos na Declaración de Helsinki e seguindo as recomendacións do Comité de Ética da Investigación e da Docencia da UDC (nº de expediente 2021-007). Para garantir o anonimato dos participantes o persoal investigador do equipo que se encargou da recollida, tratamento e análise dos datos non tiña relación co alumnado. O instrumento empregado para obter a información do estudo estivo dispoñible no campus virtual nas materias impartidas polos docentes de GIPED-INNOVA. Os estudantes interesados en participar na investigación responderon, polo tanto, de maneira voluntaria ás preguntas formuladas fora do horario lectivo.

### 3.4. ANÁLISE DOS DATOS

En primeiro lugar, examináronse os estatísticos de descritivos das variables estudadas. A continuación, realizouse a análise factorial exploratoria da escala creada *ad hoc* para coñecer

o valor dos instrumentos de avaliación, que deu como resultado tres factores: primeiro, un conxunto de instrumentos de avaliación relativas á Asistencia (2 ítems;  $\alpha = .78$ ) (ítem exemplo: “*Asistencia ás sesións de aula*”); segundo, un factor que engloba Tarefas para realizar na aula (3 ítems;  $\alpha = .74$ ) (ítems exemplo: “*Traballos o proxectos*”; ou “*Resolución de casos, supostos ou situacións*”); e, finalmente, un factor Probas (3 ítems;  $\alpha = .72$ ) (ítems exemplo: “*Proba escrita en formato test*”; ou “*Proba oral*”). A proba de esfericidade de Bartlett ( $\chi^2 = 402.388$ ;  $gl = 28$ ;  $p < .001$ ) sosteñen a adecuación da análise e o KMO (.675) informa da correcta suficiencia de mostreo.

En segundo lugar, para coñecer as diferenzas no valor dos instrumentos de avaliación percibido polos estudantes segundo a súa motivación académica, empregando como variables independentes a orientación a metas de rendemento e de aprendizaxe, leváronse a cabo dúas análises de varianza (ANOVA). Como medida do tamaño do efecto utilizouse o coeficiente eta cadrado parcial ( $\eta_{p2}$ ). Para a súa interpretación tomouse o criterio establecido por Cohen (1998), segundo o cal un efecto é pequeno cando  $\eta_{p2} = .01$  ( $d = .20$ ), o efecto é medio cando  $\eta_{p2} = .059$  ( $d = .50$ ) e o tamaño o efecto é grande cando  $\eta_{p2} = .138$  ( $d = .80$ ).

#### **4. RESULTADOS**

Figura 3. Izquierda: resultados de un modelo numérico. Derecha: red neuronal de rebase propuesta por el EurOtop 2018.

La Figura 3 muestra dos ejemplos de las herramientas empleadas en la docencia. La imagen de la izquierda presenta un resultado obtenido de un ejercicio de propagación de un oleaje usando el modelo numérico SWAN. Para la obtención del mismo ha sido necesario, además de aprender a utilizar el programa, analizar los fenómenos y variables a introducir para realizar correctamente la propagación del oleaje. Posteriormente, deben elaborar un informe de entrega, donde analizar de forma crítica los resultados obtenidos a través de los conocimientos adquiridos se vuelve imprescindible. La imagen de la derecha muestra la red neuronal de rebase desarrollada por la consultora Deltares (Países Bajos) y propuesta por la normativa del EurOtop 2018 para realizar este tipo de cálculos. Dicha aplicación se utiliza en el desarrollo de la práctica de diseño de diques para poder optimizar el mismo.

El otro aspecto destacable, además de la metodología docente, es la forma de evaluación. El planteamiento realizado en la guía docente parte de dividir la evaluación en dos conceptos diferentes, un 20% para la evaluación continua y un 80% para el examen final. La evaluación continua consta de 4 pruebas realizadas a lo largo del curso. Las cuatro pruebas consisten en 3 test de seguimiento y una práctica entregable. Los test se realizan sin previo aviso y a la finalización de cada bloque de conocimientos. Sin embargo, la práctica se publica en Moodle y tiene una fecha de entrega fijada. El objetivo es incentivar el seguimiento de la materia a través de los test, y que aprendan a utilizar los conceptos de la materia de forma práctica resolviendo un caso práctico real.

El examen final se compone de dos partes teóricas y tres prácticas, abarcando toda la temática de la asignatura. El objetivo del mismo es verificar que el alumnado ha comprendido la física del problema y saben aplicar los conocimientos en la resolución de problemas reales y, en consecuencia, han adquirido las competencias necesarias que se imparten en la asignatura. Una característica del examen es que se exige una mínima nota en cada uno de los bloques temáticos para poder aprobar. Esto se debe a que es necesario asegurar unos conocimientos mínimos en el alumnado.

### **3. ADAPTACIÓN DE LA METODOLOGÍA A LA NUEVA NORMALIDAD**

A partir de lo descrito anteriormente se puede deducir que la metodología docente y, por tanto, la evaluación, precisan en gran medida de una docencia presencial que permita las visitas al laboratorio y a obra. El confinamiento ocasionado por la pandemia del COVID-19 durante el segundo cuatrimestre del curso 2019/2020 generó el reto de adaptar la docencia y la evaluación de las asignaturas de una forma rápida.

En este contexto, la Universidade da Coruña puso a disposición del profesorado diversas herramientas para poder impartir la docencia, así como cursos de formación para facilitar el trabajo de adaptación de las metodologías. Además, publicó una normativa de adecuación de la evaluación a la nueva situación.

En el caso concreto de las asignaturas obligatorias Obras Marítimas y Portuarias y Aguas de Transición y Costeras, fue necesaria la adaptación de la metodología empleada para conseguir uno de los principios, concretamente el de “comprender la física del problema”. En lo relativo al segundo principio, “aplicar los conocimientos de una forma práctica para el futuro”, no se realizó ninguna modificación ya que se pudieron explicar a través de TEAMS y las prácticas realizadas permitieron su evaluación.

Por tanto, las adaptaciones se centraron en las tres herramientas docentes descritas anteriormente. La primera de ellas, las clases magistrales, fueron impartidas de modo virtual vía TEAMS. Además, se realizó una modificación de los materiales para completar la información que habitualmente exponemos en la pizarra durante las clases magistrales. Las otras dos herramientas, las visitas a obra y a la dársena de Puertos y Costas del CITEEC, no se pudieron realizar y fue necesario adaptarlas. Para ello, se expusieron videos durante las clases virtuales de ensayos de laboratorio, así como de los fenómenos físicos explicados a escala real. La siguiente figura muestra como se pasó de las visitas al laboratorio a la exposición de videos de los ensayos (imagen superior), y como las visitas a obra se sustituyeron por videos de los fenómenos que se explicaban en ellas (imagen inferior).



Figura 4. Arriba: sustitución de las visitas al laboratorio por exposición de videos de los ensayos. Abajo: sustitución de las visitas a obra por videos de los fenómenos que allí se explican.

Por otro lado, también fue necesaria una adecuación de la evaluación. La normativa impulsada por la universidad remarcaba la importancia de la evaluación continua, así como fijar el peso máximo del examen final. Además, existía una dificultad importante, la modificación de los criterios de evaluación se estaba llevando a cabo con el cuatrimestre empezado, y con alguna prueba de evaluación continua ya realizada. Esto obligó a la generación de nuevas pruebas que permitiesen modificar el peso del examen final.

En el momento de modificar las GADU, ya se habían realizado 2 de los 3 test de seguimiento, así como entregado el caso práctico. Esto implicaba que el 15% de la nota ya se hubiese evaluado. Como consecuencia, se realizaron tres actuaciones para conseguir el objetivo marcado por la Universidad. La primera de ellas fue la realización del test de seguimiento



evaluable que quedaba por realizar, incrementando su peso en la nota final, y la ejecución de un test de autoevaluación para conocer el grado de asimilación de los conceptos clave. La siguiente imagen muestra un ejemplo de uno de ellos realizado con la herramienta Kahoot.



Figura 5. Ejemplo de un test de seguimiento no puntuable realizado con la herramienta Kahoot.

La segunda de las actuaciones consistió en la petición de prácticas entregables que permitieran al alumnado realizar un ejercicio completo de las diferentes temáticas. De esta forma fue posible reducir el peso del examen final del 80% al 40%, así como evaluar la ejecución de los ejercicios mediante las prácticas. Remarcar que las prácticas propuestas se realizaban con información de partida personalizada, con el objetivo de que cada alumna y alumno realizase la suya propia.

La tercera de las actuaciones fue el planteamiento del examen final. Tal y como se describió, se componía de parte teórica y práctica en donde los alumnos demostraban los conocimientos aprendidos en clase mediante preguntas cortas de teoría y ejercicios. Dada la situación generada por la pandemia y las herramientas disponibles, se optó por la evaluación mediante un test usando la plataforma Moodle. Este test se componía de preguntas de teoría, así como ejercicios sencillos que tenían que resolver y seleccionar la respuesta correcta. Este examen, sumado a las prácticas realizadas, buscaba obtener una evaluación objetiva e individualizada de cada estudiante de la misma forma que se realizaba antes del confinamiento.

#### 4. RESULTADOS

La aplicación de las diferentes modificaciones realizadas en la metodología docente y evaluadora han tenido un sabor agrídulce. En algunos aspectos las experiencias obtenidas han sido positivas, mientras que en otros han sido negativas.

Las adaptaciones realizadas en la metodología docente han permitido comprobar que emplear herramientas visuales, como sustituto de las visitas al CITEEC y a obra, no permitía que las alumnas y alumnos comprendiesen los fenómenos físicos de una forma tan clara como antes. Además, resultaba más difícil mantener la atención del estudiantado, generando una menor participación durante las clases telemáticas y una menor asistencia a las tutorías.

Sin embargo, la Escuela de Caminos, Canales y Puertos realizó unas encuestas a los estudiantes sobre su evaluación de las clases durante este periodo, obteniendo una media de notable en las asignaturas. Concretamente, se alcanzó una puntuación, sobre 10, de 6.96 en Obras Marítimas y Portuarias del grado de TECIC y de 7.81 en Aguas de Transición y Costeras del grado de GIOP.

Por otro lado, la adaptación de la evaluación tuvo dos efectos claros y antagónicos. Por una parte, se comprobó la dificultad para evaluar el grado de comprensión y razonamiento de cada alumno/a sobre el temario expuesto. Por el contrario, se comprobó un incremento notable del número de aprobados como consecuencia de la modificación de los criterios de evaluación. La siguiente figura muestra los resultados obtenidos por los alumnos en el curso 2018/2019 y el curso 2019/2020.




Figura 6. Resultados obtenidos el alumnado. Arriba: Obras Marítimas y Portuarias de TECIC. Abajo: Aguas de Transición y Costeras de GIOP. (Fuente: portal de estudios de la universidad).

Finalmente, los objetivos actuales se encaminan al desarrollo de herramientas portátiles y visuales, así como de nuevas metodologías de evaluación que consigan los objetivos buscados por los profesores/as y que se puedan aplicar en la denominada nueva normalidad. Un ejemplo de ello se muestra en la siguiente figura, la cual presenta un canal de oleaje portátil de la empresa “JBA trust”.



Figura 7. Ejemplo de canal de oleaje portátil de la empresa “JBA trust”.

## 5. CONCLUSIONES

La principal conclusión obtenida fue la importancia de la comprensión del problema físico en la docencia de las asignaturas técnicas. Esto permite al alumnado razonar y poder enfrentarse a la diversa y compleja problemática existente en el ámbito de la ingeniería portuaria y costera, así como aumentar el atractivo por la materia.

La adaptación realizada sobre la metodología por la pandemia de la COVID-19 impidió alcanzar los objetivos marcados. La sustitución de las visitas a obra y al laboratorio CITEEC por videos de ensayos y de los fenómenos estudiados a escala real, imposibilitaron en cierta medida alcanzar el principio de comprender la física del problema.

Por último, la adaptación de la evaluación desembocó en el aumento de aprobados en las dos materias, pero dificultó la evaluación individualizada del grado de comprensión de los conceptos explicados en ambas asignaturas.

## 6. REFERENCIAS

- Sande, J., Peña, E., Babío, R. & Figuero, A. (2016). Formación integrada utilizando diferentes metodologías prácticas en asignaturas de ingeniería costera y portuaria. *I Jornadas de Innovación Docente. Contextos universitarios transformadores: retos e ideas innovadores*. Universidade da Coruña, A Coruña
- Van der Meer, J.W., J.W., Allsop, N.W.H., Bruce, T., De Rouck, J., Kortenhaus, A., Pullen, T., Schüttrumpf, H., Troch, P. and Zanuttigh, B. (2018). *EurOtop, 2018. Manual on wave overtopping of sea defences and related structures. An overtopping manual largely based on European research, but for worldwide application*. [www.overtopping-manual.com](http://www.overtopping-manual.com)

# ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS NOS PROCESOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA DE FISIOLOXÍA HUMANA DURANTE A COVID-19

Sangiao-Alvarellos, Susana<sup>1</sup>; de Labra Pinedo, Carmen<sup>2</sup>

<sup>1</sup> *Universidade da Coruña, Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas, Facultade de Enfermaría e Podoloxía.*  
<https://orcid.org/0000-0003-1207-4667>

<sup>2</sup> *Universidade da Coruña, Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas, Facultade de Enfermaría e Podoloxía..*  
<https://orcid.org/0000-0002-5306-0475>

## RESUMO

Neste traballo presentamos unha análise dos resultados obtidos nos exames finais da materia de Fisioloxía Humana durante a COVID-19, materia impartida no grao de podoloxía da UDC. Estes resultados comparáronse cos obtidos en cursos anteriores en exames levados a cabo de xeito presencial. En todos os casos os resultados proceden de exames tipo test de resposta única. Para levar a cabo esta análise tivéronse en conta os cursos académicos 2017/2018 e 2018/2019, no que analizamos os resultados de 165 exames realizados de xeito presencial e comparámoslos cos resultados de 46 exames realizados virtualmente no curso académico 2019/2020. Non se observaron diferencias na cualificación media obtida en ambas modalidades de exames. Non obstante, nos exames virtuais diminúe lixeiramente a porcentaxe de alumnos non presentados e a porcentaxe de suspensos e tres veces máis baixa, sen embargo, tamén diminúe o número de estudantes que obteñen sobresáinte. En base a estes resultados podemos concluír que os exames tipo test virtuais aumentan o número de estudantes que supera a materia, pero non así a nota global da mesma.

**PALABRAS CLAVE:** exames virtuais, fisioloxía, tipo test, avaliación.

### **CITA RECOMENDADA:**

Sangiao-Alvarellos, Susana; de Labra Pinedo, Carmen (2021): Análise dos resultados obtidos nos procesos de avaliación da materia de Fisioloxía Humana durante a COVID-19. En García Naya, J.A. (ed.) (2021). *Contextos universitarios transformadores: a nova normalidade académica. Leccións aprendidas e retos de futuro. V Xornadas de Innovación Docente. Cufie*. Universidade da Coruña. A Coruña (pág. 369-377).

DOI capítulo: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498180.369>

DOI libro: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498180>

### **ABSTRACT**

In this work we present an analysis of the results obtained in the final exams of the Human Physiology subject during COVID-19, a subject taught in the podiatry degree at the UDC. These results were compared with those obtained in previous academic years in exams carried out face-to-face. In all cases, the results come from single-response multiple-choice tests. To carry out this analysis, the academic years 2017/2018 and 2018/2019 were taken into account, in which we analysed the results of 165 exams taken face-to-face and compared them with the results of 46 exams conducted online in the academic year 2019/2020. No differences were observed in the average qualification obtained in both exam modalities. However, in virtual exams the percentage of students not presented decreases slightly and the percentage of failures is three times lower, however, the number of students who obtain high marks also decreases. Based on these results, we can conclude that online exams increase the number of students who pass the subject, but not the overall mark.

**KEY WORDS:** Virtual exams, physiology, multiple choice, evaluation.

## **1. INTRODUCCIÓN**

A Universidade aparece na Historia a partir da segunda metade do século XII como unha corporación autónoma sobre a que versa o saber e a vida intelectual da época <sup>1</sup>. Dende unha perspectiva conceptual, a finalidade última desta institución non variou substancialmente ao longo de nove séculos de historia ao manter, como liña directriz, a súa orientación ao estudo, á aprendizaxe do saber e ao cultivo da ciencia. Con todo, a Universidade debe levar a cabo un esforzo de revisión permanente que lle permita plasmar os seus principios xerais en obxectivos e calidades específicas adecuadas ás distintas continxencias da nosa época. Por iso, fíxose imprescindible unha redefinición da Universidade no seo da sociedade dada a afluencia masiva á mesma de persoas de todas as clases sociais, ó progresivo aumento do grao de especialización en todos os ámbitos do coñecemento, a aparición de novos campos profesionais e o cada vez maior intercambio de profesionais formados en distintos países. Neste contexto, creouse o denominado Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) cuxos obxectivos se plasman na Declaración de Bolonia (2003) <sup>2</sup>.

O tratado de Bolonia supuxo un cambio do concepto clásico de Universidade. A adaptación a este novo concepto implica un cambio importante, cunha reforma que obriga a pasar dun modelo de ensino superior regrado a un sistema máis flexible, aberto, e onde se teñen en conta outros factores ademais dos do suposto modelo docente tradicional “clase maxistral e exame”, coma o traballo en equipo, procura de información de forma autónoma, capacidade de relación e integración, desenvolvemento persoal... Desta forma preténdese que a Universidade pase dun ensino presencial a unha ensinanza semipresencial; que cambie a súa estrutura dunha universidade cimentada na docencia e o ensino, a unha universidade baseada na aprendizaxe e autonomía do alumnado. Seguindo esta premisa debemos planificar o ensino-aprendizaxe de forma adecuada para que os alumnos adquiran as competencias, destrezas e habilidades que lles permitan un sólido coñecemento teórico-práctico, un elevado grao de inserción laboral e un alto grao de autoformación ao longo da vida.

En decembro do 2019 detectouse por primeira vez na cidade de Wuhan, provincia de Hubei, China, un novo coronavirus, denominado coronavirus de tipo 2 causante do síndrome respiratorio agudo severo, SARS-CoV-2. A enfermidade causada por este virus denominouse enfermidade por coronavirus 2019 (COVID-19). Esta enfermidade converteuse rapidamente nunha pandemia e demostrouse que a transmisión perso a perso é o principal modo de transmisión. A maiores, o SARS-CoV-2 pode transmitirse durante o período de incubación das persoas co virus. En menos de 6 meses o virus xa se transmitira a máis de 200 países, con 10 millóns de casos confirmados e case medio millón de mortes <sup>3</sup>. Neste contexto de emerxencia sanitaria, o 14 de marzo do 2020 declárase o Estado de Alarma en España, e a actividade presencial nas Universidades españolas cesa, obrigando ó profesorado a pasar de xeito urxente e inmediato a unha docencia 100% en liña, para poder seguir desenvolvendo a actividade docente.

A Universidade da Coruña (UDC) conta cun Campus Virtual, baseado en Moodle, unha plataforma educativa adoptada actualmente por moitas universidades españolas para impartir docencia a distancia. Moodle é un sistema de xestión de cursos de libre distribución (*Course Management System CMS*), que axuda ao profesorado e formadores/as a crear ambientes virtuais de aprendizaxe, utilizando ferramentas de interacción sincrónicas e asincrónicas, de colaboración, de provisión de contidos e actividades, e de avaliación <sup>4</sup>.

Co gallo da aparición do COVID-19, a UDC, ademais de fomentar o uso de Moodle para manter a docencia virtual, tamén estimulou e “habilitou” o uso de Microsoft Teams para este mesmo fin. Microsoft Teams é un espazo de traballo baseado no *chat* de Office 365, deseñado para mellorar a comunicación e colaboración dos equipos de traballo das empresas, organizacións, universidades... reforzando as funcións colaborativas da plataforma na nube, Office 365. Teams está integrado de maneira natural con Microsoft Office 365 e baséase en "*Groups*", o servizo na nube desenvolvido para a colaboración entre usuarios. A ferramenta reúne nun espazo común, as aplicacións de colaboración necesarias para traballar en equipo: *chats*, videoconferencias, notas, acceso a contido, Office Online, *planner*... Microsoft Teams ofrece a



posibilidade de utilizar as aplicacións de Office 365, personalizando a contorna segundo as necesidades de cada equipo, que no caso que nos compete poden ser todos os estudantes matriculados nunha materia, un determinado grupo de prácticas etc.

Tanto as vantaxes como os inconvenientes da docencia en liña foron analizados previamente por numerosos traballos e non van a ser o obxecto deste estudo, neste traballo centrarémonos en avaliar os resultados obtidos nos exames finais, no grao de podoloxía da UDC, nas materias de Fisioloxía dos últimos anos, para desde xeito comparar os exames en liña (situación creada pola COVID-19), cos exames levados a cabo na aula nunha situación habitual. A pregunta a que intentamos dar resposta neste traballo é se son equivalentes os resultados obtidos en exames tipo test realizados de xeito virtual e presencial, e se discriminan de igual xeito os coñecementos adquiridos polo estudantado.

## **2. DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA**

Ata o curso académico 2018-2019, impartíanse no primeiro curso do Grao de Podoloxía da UDC, dúas materias diferentes de fisioloxía, Fisioloxía Xeral e Fisioloxía de Sistemas. Cada unha delas constaba de 6 créditos, e unha impartíase no primeiro cuadrimestre (Fisioloxía Xeral) e outra no segundo (Fisioloxía de Sistemas). A partir do curso académico 2019-2020, e tras unha modificación do plan de estudos de podoloxía, ditas materias fusionáronse nunha soa, con nove créditos e carácter anual (Fisioloxía Humana), e na cal, a parte teórica se imparte integramente dende o mes de setembro ata marzo. Debido a que o estado de alarma por mor da COVID-19 se impuxo en España en marzo do 2020, o curso 2019-2020 supuxo unha oportunidade única para estudar a diferenza entre facer exames en liña ou exames presenciais dunha materia impartida 100 % de xeito presencial, a diferenza da maioría das materias avaliadas no segundo cuadrimestre do curso académico 2019-2020, onde os exames foron en liña, pero unha gran parte da materia tamén se impartiu en liña.

Neste traballo centrarémonos exclusivamente nos resultados obtidos nos exames finais dos últimos tres cursos académicos das materias de fisioloxía do primeiro curso do Grao de


Podoloxía, que en todos os casos foron exames tipo test de resposta única. Non teremos en conta as avaliacións de “recursos” distintos ó exame final. En resumo, para ver os resultados obtidos en exames presenciais tivemos en conta o curso académico 2017/2018, no que analizamos os resultados de 76 exames, e o curso 2018/2019, no que analizamos 89 exames. Por outra banda, para ver os resultados de exames realizados de xeito virtual, tivemos en conta 46 exames levados a cabo no curso académico 2019/2020.

En todos os casos, tal como se comentou, os exames realizados foron de modalidade test, con catro posibles respostas e só unha verdadeira. Cada catro preguntas mal contestadas anulábase unha resposta correcta. No caso de exames presenciais, estes leváronse a cabo na propia aula, en papel, onde o alumnado marcaba a resposta correcta. Para levar a cabo este exame dispoñían dunha hora onde debían contestar entre 40-50 preguntas. No caso dos exames en liña, os estudantes fixeron os exames de maneira síncrona, dende os seus propios domicilios a través da plataforma Moodle, e cun máximo de tempo de un minuto por pregunta.


### **3. RESULTADOS**

Tal como se pode ver na Figura 1, se analizamos a nota media obtida tanto nos exames virtuais coma nos exames presenciais, podemos comprobar que non hai diferenzas entre ambas modalidades, obténdose en ambos casos unha media global de 6.5 puntos sobre un máximo de 10 puntos.

Non obstante, cando esmiuzamos os resultados obtidos en ambas modalidades de exames obsérvanse diferenzas claras, tal como se pode apreciar na Figura 2. Diminúe lixeiramente a porcentaxe de alumnos non presentados nos exames virtuais, e a porcentaxe de suspensos foi tres veces máis baixa cando os exames se levaron a cabo de xeito virtual. Claramente podemos ver que hai máis estudantes que obteñen un aprobado na materia, mantense o número de notables, pero diminúe o número de estudantes que obteñen sobresáinte cando os exames son virtuais.



**Figura 1.** Notas medias obtidas tanto nos exames realizados de xeito virtual (barra laranxa) coma presencial (barra azul). O eixo Y representa a cualificación numérica das medias dos exames analizados (165 exames de xeito presencial e 46 de xeito virtual).



**Figura 2.** Cualificacións obtidas tanto nos exames realizados de xeito virtual (barra laranxa) coma presencial (barra azul). O eixo Y representa a % de estudantes en cada rango de cualificacións en función dos exames analizados en cada situación (165 exames de xeito presencial e 46 de xeito virtual). NP = non presentado.

Todos os resultados aquí obtidos parecen indicar que os exames en liña favorecen que se supere a materia de Fisioloxía Humana, pero non así que se obteñan as cualificacións máximas. Un exame en liña no que as respostas impliquen simplemente a memorización da teoría poden ser máis sinxelos de copiar que os exames presenciais, xa que as respostas poden obterse rapidamente a través do propio material que teñen das clases ou de recursos que poden conseguir en internet (libros electrónicos, bases de datos...) ou incluso poden obter as respostas vía videochamadas/*whatsapps* cos propios compañeiros ou de persoas alleas. Polo tanto, á hora de deseñar exámenes tipo test para levar a cabo en liña, tivemos en conta dous factores, por unha parte que algunhas das respostas non foran inmediatas, senón que requirisen un certo grao de razoamento, aínda que isto non foi así en todas as respostas pola propia natureza do exame, e por outra parte limitamos o tempo para a realización das probas, para evitar na medida do posible que puidesen “buscar” as respostas. Non obstante, en ningún caso aumentamos a complicación do exame con respecto a cursos anteriores, especialmente porque a materia rematou de impartirse a mesma semana que se decretou o estado de alarma en España, e polo tanto, a docencia xa se levara a cabo pensando na realización dun exame final de tipo presencial.

#### **4. CONCLUSIÓNS**

En base a todos estes resultados podemos concluír que os exames tipo test virtuais, aumentan o número de estudantes que supera a materia de Fisioloxía Humana no grao de podoloxía, pero non así a nota global da mesma. Non obstante, precisamos máis estudos para poder confirmar estes resultados e poder esclarecer os motivos dos mesmos. Preguntas como o tempo óptimo para facer exames virtuais e evitar que os alumnos copien, pero sexan capaces de contestar ás preguntas, aínda seguen sen esclarecerse. Do mesmo modo, precisamos entender e ratificar porque se produce un descenso na porcentaxe de sobresaíntes obtidos.

## 5. REFERENCIAS

- Moncada, J. S. (2008). La Universidad: un acercamiento histórico-filosófico. *Ideas y Valores*, 57(137), pp. 131-147.
- European Ministers of Education. (1999). The European Higher Education Area–Bologna declaration. Bologna on the 19<sup>th</sup> of June 1999.
- Ai L., Jiang L., Xu Z., Yan H., Luo P. & He Q. (2020). COVID-19 epidemic: a special focus on diagnosis, complications, and management. *Expert Rev Clin Pharmacol*, 13(10), pp. 1085-1093.
- García-Murillo, G., Novoa-Hernández, P. & Rodríguez, R. S. (2020). Technological Satisfaction About Moodle in Higher Education-A Meta-Analysis. *IEEE Revista Iberoamericana de Tecnologías del Aprendizaje*, 15(4), pp. 281-290.



# UNHA EXPERIENCIA DE ADAPTACIÓN METODOLÓXICA Á DOCENCIA VIRTUAL E AS SÚAS IMPLICACIÓNS NO SEGUIMENTO POR PARTE DO ALUMNADO

Soneira Calvo, Carlos

*Universidade da Coruña, Fac. de Ciencias da Educación,  
ORCID ID: 0000-0002-2902-268X*

## RESUMO

Neste traballo expóñense os cambios metodolóxicos, incluíndo os relativos á avaliación e ás titorías levados a cabo na materia Educación Matemática 1, de 1º do grao en Educación Primaria para adaptar a docencia á modalidade virtual. Para as sesións asíncronas, graváronse vídeos explicativos sobre contidos teóricos aos que o alumnado podía acceder con antelación. As sesións síncronas dedicáronse principalmente a ilustrar a posta en práctica dos contidos teóricos expostos nos vídeos. Nelas os estudantes empregaron os recursos que ofrece Teams para se organizar en pequenos grupos dentro do grupo xeral, o que facilitou a interacción co docente. A avaliación foi continua, con varias probas síncronas individuais a través de Moodle e a realización dun traballo por grupos. As titorías realizáronse vía Teams e cobraron maior peso relativo respecto a cursos anteriores, con docencia presencial. O seguimento das distintas sesións foi, en termos xerais, sostido ao longo do cuadrimestre, e non houbo incidencias importantes na realización das probas on-line nin no funcionamento dos pequenos grupos. Porén, algúns fenómenos observados durante as sesións síncronas suxiren posíbeis anomalías no xeito de atender á sesión. Os resultados da avaliación foron máis positivos ca nas edicións presenciais da materia.

**PALABRAS CLAVE:** docencia virtual, metodoloxía docente, avaliación, titoría.

### **CITA RECOMENDADA:**

Soneira Calvo, Carlos (2021): Unha experiencia de adaptación metodolóxica á docencia virtual e as súas implicacións no seguimento por parte do alumnado. En García Naya, J.A. (ed.) (2021). *Contextos universitarios transformadores: a nova normalidade académica. Leccións aprendidas e retos de futuro. V Xornadas de Innovación Docente*. Cufie. Universidade da Coruña. A Coruña (pág. 379-389)

DOI capítulo: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498180.379>

DOI libro: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498180>

### **ABSTRACT**

This paper presents the methodological changes, including those related to the assessment and tutorials carried out in the subject Educación Matemática 1, corresponding to the 1<sup>st</sup> course of the degree in Primary Education, in order to adapt teaching to the virtual modality. Regarding the asynchronous sessions, explanatory videos about theoretical contents were recorded and students could access to them in advance. The synchronous sessions were mainly devoted to illustrating the implementation of the theoretical contents. In these sessions, the students used the resources provided by Teams to work in small groups, which facilitated the interaction with the teacher. The evaluation was continuous, with individual synchronous tests through Moodle and a collaborative work. Tutorials were carried out via Teams and gained more relative weight compared to previous face-to-face teaching courses. The follow-up of the sessions was, overall, sustained throughout the semester, with no significant incidents in the conduct of the online tests nor in the operation of the small groups. However, some phenomena observed in the synchronous sessions suggests that episodes of lack of engagement could have happened. The results of the evaluation were more positive than in the face-to-face editions of the subject.

**KEY WORDS:** online teaching, teaching practises, assessment, tutorial



## **1. INTRODUCCIÓN**

A expansión do covid-19 dende comezos do 2020 e as medidas de hixiene sanitaria necesarias para paliar os seus efectos supuxeron un cambio importante en moitos ámbitos da vida cotiá. En particular, unha das medidas tomadas é o distanciamento social, que é de feito unha das máis eficaces para conter unha pandemia (Ahmed, Zviedrite & Uzicanin, 2018). Isto afectou a moitas actividades da nosa sociedade, entre elas a docencia universitaria.

No sistema universitario español, a partir das recomendacións do Ministerio de Universidades (2020) acadouse un certo consenso entre as distintas institucións para se adaptar á nova situacións, plasmada nunha serie de orientacións para os docentes de cara á planificación da docencia de cara ao curso 2020-2021. Contémplanse tres modalidades de docencia en función da situación sanitaria: presencial, semipresencial ou híbrida, e online. Ademais, con carácter xeral recoméndase a docencia presencial e reivindicase a súa contribución á calidade da docencia universitaria (Area-Moreira, Bethencourt-Aguilar, Martín-Gómez & San Nicolás-Santos, 2021). Isto mesmo despréndese das indicacións dadas aos docentes pola UDC (2020a, 2020b).

Destacamos tamén que á hora de valorar unha experiencia de docencia híbrida ou online cómpre distinguir entre a docencia online propiamente dita, e a chamada docencia remota de emerxencia (Bozkurt & Sharma, 2020). En efecto, a primeira atende a diversos criterios, entre eles unha alta especialización do profesorado. Sen embargo, ante unha situación na que é necesario facer unha adaptación rápida ante unha situación de emerxencia, cumprir eses criterios resulta difícil (Niño, Castellanos-Ramírez, & Patrón, 2021).

## **2. DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA**

A adaptación levouse a cabo na materia Educación Matemática 1 do 1º curso do grao en Educación Primaria. É unha materia obrigatoria de 6 créditos impartida no 2º cuatrimestre, que o curso 2020-21, no que se levou a cabo a experiencia contou con 145 matriculados.

Por mor da redución do aforo das aulas debido á situación sanitaria, na facultade de Ciencias da Educación, que conta cun elevado número de matriculados no grao en Educación Primaria, en todas as materias de 1º curso os estudantes repartíronse en 3 grandes grupos. Ademais, dentro de cada un destes grupos, formáronse outros 3 subgrupos, de entre 20 e 25 estudantes e foise máis restritivo á hora de autorizar cambios de grupo e subgrupo. Procurábase con isto manter ao longo do curso grupos burbulla estábeis para limitar a expansión do virus en caso de contaxios. Nesta facultade optouse por un modelo de docencia híbrida, recomendándose que as sesións cos grupos grandes fosen virtuais asíncronas e as de cada subgrupo presenciais. Con isto respectábanse as indicacións dadas pola institución (UDC, 2020a, 2020b). A materia na que se realizou a experiencia foi en principio deseñada seguindo este modelo. Sen embargo, carencias de profesorado sobrevidas ao comezo do 2º cuatrimestre e que afectaron tamén a outras materias, fixeron que para poder cubrir toda a docencia asignada respectando as medidas de hixiene sanitaria, todas as sesións da materia tiveran que se impartir virtualmente. Podería daquela dicirse que se tratou dunha docencia remota de emerxencia (Bozkurt & Sharma, 2020).

As circunstancias que vimos de describir foron as que determinaron as modificacións que finalmente se levaron á práctica, resumidas na Figura 1. Para o seu deseño, seguíronse as liñas de actuación propostas polas diversas institucións (Ministerio de Universidades, 2020; UDC, 2020a, 2020b).

As pautas xerais seguidas no deseño da docencia foron, por unha banda, facilitar que o alumnado manteña unha dedicación sostida á materia e adquira o mesmo nivel de competencias ca na modalidade presencial. Estas pautas están moi ligadas pois na materia contemplamos a aprendizaxe non coma unha acumulación de contidos, senón que cada contido aprendido é a base necesaria para aprender o seguinte. Por outra banda, buscouse seleccionar aqueles recursos ofrecidos pola UDC que non implicasen medios tecnolóxicos custosos nos equipos ou no domicilio do alumnado para evitar que este se vise afectado pola fenda dixital.




Figura 1. Esquema das modificacións

Como apoio á docencia subíronse ao Moodle documentos adicionais sobre como ía desenvolverse a materia. Uns expoñían a temporalización das distintas actividades a realizar cada semana, e outros coa descrición das tarefas obrigatorias e os seus criterios de avaliación. Isto fíxose no menor tempo posíbel, ante a previsión de que o alumnado necesitase dun período de adaptación aos trocos. En particular, aínda que os contidos non variasen, os trocos metodolóxicos podían afectar á planificación horaria do traballo autónomo feita por cada estudante. Á súa vez, isto podería provocar que parte do alumnado variase os seus horarios de asistencia ao centro. De feito, algunhas persoas visualizaban os vídeos e seguían as sesións síncronas dende a propia facultade, e outras dende o seu domicilio. Como consecuencia, algúns grupos de traballo reorganizaron levemente as tarefas grupais para maximizar o tempo no que todos coincidían na facultade.

En canto ás sesións de aula, en cursos anteriores as sesións cos grupos grandes consistían principalmente na exposición na aula dos contidos teóricos, e tiñan a vantaxe de que o alumnado podía formular dúbidas sobre os mesmos nese momento. Neste curso, estas

sesións transformáronse na visualización de vídeos. Estes consistían en presentacións ofimáticas con voz gravada nas que o docente expoñía os contidos teóricos, con vídeos inseridos nos que se ve ao docente manipulando material estruturado. Para a súa realización, feita co paquete Office 365 por ser o ofrecido a nivel institucional, seguíronse as directrices dadas en Domínguez, Pampillón e Armas (2013) e en Peña (2019).

Para cada sesión expositiva, en vez dun único vídeo graváronse varios de menor duración, subíronse á plataforma Stream e incorporouse o enlace na páxina de Moodle da materia. En Stream os vídeos estaban vinculados ao equipo da materia na plataforma Teams. Usáronse, de forma integrada, exclusivamente ferramentas ofrecidos pola UDC a nivel institucional para docentes e estudantes.

As sesións síncronas adoitaban dividirse en dúas partes. Na primeira o docente expoñía brevemente os contidos teóricos do vídeo que se ían usar na sesión, facendo fincapé naquelas ideas que consideraba máis difíciles, e atendíase unha primeira rolda de dúbidas sobre os mesmos. Na segunda, os estudantes organizábanse en grupos duns 5 membros en conversas internas en Teams para realizar distintas actividades de aplicación dos contidos teóricos. Cada certo tempo as chamadas grupais poñíanse en agarda, instábase aos grupos a que expuxesen a súa execución da actividade e facíase un comentario de todo o grupo ou unha corrección por parte do docente. De seguido, o docente presentaba a seguinte actividade. Ademais, en todo momento os estudantes podían retomar a chamada grupal para lle formular dúbidas ou expoñer observacións ao docente.

Realizáronse vía Teams titorías grupais e individuais. Unha das tarefas avaliábeis consistía na realización en pequenos grupos dun traballo tutelado, e nese contexto programouse unha titoría grupal de carácter obrigatorio. A data e franxa horaria foi concordada con cada grupo grande das sesións interactivas, para que todos puidesen asistir. Despois, o docente fixou un horario estimado para iniciar a sesión con cada pequeno grupo de estudantes, atendendo na medida do posíbel as preferencias dos estudantes. Este horario tivo algunhas variacións porque varios grupos precisaron máis tempo. Ademais, a algúns grupos comunicaron

imprevistos de última hora que xustificaron a realización da súa sesión noutra data. Ao aproximarse a hora de inicio estimada para un pequeno grupo, os seus membros debían iniciar unha chamada grupal entre os seus membros, e en canto visen que o indicador de actividade do docente en Teams estaba en verde, convidalo á chamada. Isto pretendía axilizar o proceso.

Realizáronse ademais outras titorías ao longo do curso, tanto grupais como individuais, por petición dos estudantes, por Teams, correo e teléfono.

Os estudantes puideron escoller por dúas formas de avaliación. Unha continua, con probas síncronas online en Moodle e a entrega de tarefas tamén en Moodle. A outra opción era unha avaliación mediante unha proba obxectiva final, escrita e presencial. As datas e hora das probas síncronas estiveron dentro do horario oficial reservado polo centro para a materia. Fixáronse antes do comezo do curso, a información subiuse ao Moodle o día antes do comezo das aulas, e o procedemento explicouse na 1ª sesión con cada grupo. Ante as indicacións institucionais sobre a necesidade de evitar os efectos dunha posíbel fenda dixital entre estudantes, usáronse probas tipo test, pois poden facerse con ordenador mais tamén con móbil e non requiren gran velocidade de conexión. Ademais, en caso de fallar un tipo de conexión ou dispositivo podíase usar o outro. Durante a realización das mesmas os estudantes podían consultar co docente vía Teams en directo para consultar dúbidas.

### **3. RESULTADOS**

En canto ao seguimento da materia por parte do alumnado, a actividade en Moodle ata abril recóllese na Figura 2. Se nos fixamos nos nodos correspondentes aos días de aulas síncronas, o seguimento foi sostido ao longo do curso. O descenso entre finais de marzo e comezos de abril correspóndese coas vacacións de Semana Santa.

**Usuarios activos**




Figura 2. Actividade en Teams de febreiro a abril.

Sobre os vídeos expositivos, tras un elevado número de visualizacións do primeiro, despois estas estabilizáronse ao longo do curso (Figura 3).



Figura 3. Visualizacións dos vídeos expositivos

No seguimento das sesións síncronas e asíncronas puido producirse un certo solapamento de recursos entre apuntamentos dixitalizados, vídeos asíncronos e sesión síncronas. En efecto, a 1ª parte das sesións síncronas dedicábase a repasar os puntos dos apuntamentos susceptibles dunha maior dificultade, e en moitas ocasións os estudantes manifestaron non ter visto os vídeos con antelación. Ademais, ao ser gravadas, os estudantes podían acceder a estas

sesións en calquera momento posterior á sesión. Ante o posíbel solapamento, o docente preguntoulle ao alumnado se prefería obviar o repaso aos comezos das sesións, pero mantívose porque todos os grupos manifestaron que preferían continuar a facelo.

En canto á avaliación, a práctica totalidade do alumnado presentado optou pola modalidade de avaliación continua. Nas probas síncronas non se produciron maiores incidencias. Algúns estudantes tiveron caídas puntuais de conexión ou problemas cos dispositivos, mais puideron palialas no propio momento, en ocasións con indicacións do docente vía Teams, e continuar coa proba. Os resultados académicos foron mellores ca nas edicións presenciais da materia, cun maior índice de estudantes que superaron a materia na 1ª oportunidade.

#### **4. CONCLUSIÓN**

A partires do exposto na sección anterior, os resultados poden cualificarse de positivos se temos en conta que a experiencia se adscribe máis ben a unha situación de ensino remoto de emerxencia (Bozkurt & Sharma, 2020) e o seguimento dos estudantes con esta modalidade tende a ser peor ca coa docencia en liña propiamente dita (Niño e outros, 2021).

Sen embargo, cómpre facer algunhas puntualizacións. Sobre o seguimento das sesións síncronas, os datos finos indican que moitos suxeitos se conectaban e desconectaban ao longo da sesión. Isto non é necesariamente un indicio de falta de seguimento, pois na gran maioría dos casos, a duración da desconexión era moi breve e pode ser atribuída a cortes na conexión. Sen embargo, para testar o seguimento, o docente formulaba ao longo da sesión preguntas ao grupo sobre as actividades en curso, e cando non había resposta, particularizaba a algún estudante concreto. O estudante escollíase ao chou, e así se facía saber ao grupo. Ocorreu nalgunhas ocasións que a persoa interpelada non contestaba nin amosaba estar a escoitar, aínda concedendo tempo máis ca dabondo para meditar a resposta e repetindo, en ton amábel, o nome. Unha interpretación plausíbel é que o aludido se conectara á sesión formalmente pero non a seguise de xeito efectivo.

Actuar sobre este fenómeno presenta dúas dificultades. En efecto, dado o volume de estudantes en cada sesión, resulta difícil facer esta comprobación con todos os estudantes sen comprometer o traballo dos contidos planificado. Alén diso, tamén é difícil demostrar que en efecto o estudante non está a seguir a sesión, pois pese á solidez dos indicios, non pode descartarse totalmente un erro informático. Por outra banda, cabe ter en conta tamén que o déficit de atención prodúcese tamén nas sesións presenciais.

Ademais, o alumnado foi, en xeral, menos participativo ca nas edicións presenciais da materia. Ser consciente de que as sesións eran gravadas puido ser unha das causas.

Para finalizar, comparando a docencia presencial en cursos anteriores e a online do presente, consideramos preferíbel a presencial.

## 5. REFERENCIAS

- Ahmed, F., Zviedrite, N., & Uzicanin, A. (2018). Effectiveness of workplace social distancing measures in reducing influenza transmission: a systematic review. *BMC Public Health*, 18, 518. Recuperado de <https://doi.org/10.1186/s12889-018-5446-1>
- Area-Moreira, M., Bethencourt-Aguilar, A., Martín-Gómez, S. & San Nicolás-Santos, M. B. (2021) *Revista de Educación a Distancia*, 65(21). Recuperado de <https://revistas.um.es/red/article/view/450461>
- Bozkurt, A. & Sharma, R. (2020). Emergency remote teaching in a time of global crisis due to CoronaVirus pandemic. *Asian Journal of Distance Education*, 15(1), i-vi. Recuperado de <http://www.asianjde.com/ojs/index.php/AsianJDE/article/view/576>
- Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (2020a). *Como transformar a miña docencia presencial en docencia virtual. Algúns consellos básicos*. Recuperado de <https://sway.office.com/s/qLnFQjuOyuYVtkOi/embed>
- Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (2020b). *Como diseñar una buena presentación educativa*. Recuperado de [https://www2.slideshare.net/CUFIE\\_UDC/como-disear-una-buena-presentacin-educativa](https://www2.slideshare.net/CUFIE_UDC/como-disear-una-buena-presentacin-educativa)



- Domínguez, E.; Pampillón, A.; de Armas, I. (2013). *Rúbrica para evaluar la calidad de los Materiales Educativos Digitales*. Madrid: Universidad Complutense de Madrid.
- Ministerio de Universidades (2020). *Recomendaciones del Ministerio de Universidades a la comunidad universitaria para adaptar el curso universitario 2020-2021 a una presencialidad adaptada y medidas de actuación de las universidades ante un caso sospechoso o uno positivo de covid-19*. Recuperado de [https://www.universidades.gob.es/stfls/universidades/ministerio/ficheros/COVID/Recomendaciones\\_del\\_Ministerio\\_de\\_Universidades\\_para\\_adaptar\\_curso.pdf](https://www.universidades.gob.es/stfls/universidades/ministerio/ficheros/COVID/Recomendaciones_del_Ministerio_de_Universidades_para_adaptar_curso.pdf)
- Niño Carrasco, S. A, Castellanos-Ramírez, J. C. & Patrón Espinosa, F. (2021). Contraste de experiencias de estudiantes universitarios en dos escenarios educativos: enseñanza en línea vs. enseñanza remota de emergencia. *Revista de Educación a Distancia*, 65 (21). Recuperado de <https://revistas.um.es/red/article/view/440731/298601>
